

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚEN A MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 24/7007**Feitos**

Con data do 30/10/2024, a presidenta da comisión de selección da praza 24/7007 de profesor/a substituto/a de Enxeñaría da Construción (convocada por Resolución reitoral do 9 de agosto de 2024), dona María Isabel Martínez Lage, comunica que os vogais da comisión de selección que se relacionan a continuación incorren con algún candidato en conflitos de interese dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos:

Seara Paz, Gumersinda (vogal da comisión titular)
Martínez Abella, Fernando (vogal da comisión titular)

Consideracións legais e técnicas

Os apartados 6.4 e 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014), establecen o procedemento para a substitución dos membros das comisións de selección que, por causa xustificada e así apreciada polo reitor, non poidan actuar como membros da comisión.

No presente caso a causa alegada xustifica a súa substitución.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, dispón a substitución dos seguintes membros da comisión de selección da praza 24/7007:

Substitución de Gumersinda Seara Paz por Acacia Naves-García Rendueles, proposta polo departamento con data do 16 de xullo de 2024.

Substitución de Fernando Martínez Abella por Diego Carro López, proposto polo departamento con data do 16 de xullo de 2024.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández

Mª Acacia Naves-García Rendueles
Diego Carro López
C/C Presidenta da Comisión de Selección da praza 24/7007

Código Seguro De Verificación	ZfQuDHMT5ErF9S4GjP2OZw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	29/11/2024 14:46:00
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/ZfQuDHMT5ErF9S4GjP2OZw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

